

## RÚBRICA DE AVALIACIÓN DO RETO: *CÁLCulo olímpico*

	Profesional	Principiante	Aprendiz	Ausente
<b>Formato (Individual)</b>	Emprega de forma completa e correcta todos os elementos de formato: celas con bordos, datos con dous decimais, títulos nas columnas con novos datos e cores diferentes de fondo. Os títulos das columnas e gráficos teñen información significativa. (2) <input type="checkbox"/>	Emprega todos os elementos de formato no informe individual entregado, pero presentan erros ou hai apartados incompletos. (1.25) <input type="checkbox"/>	Soamente emprega dous dos elementos de formato no informe individual entregado. (0.50) <input type="checkbox"/>	Non emprega ningún dos elementos de formato no informe individual entregado. (0) <input type="checkbox"/>
<b>Funcións (Individual)</b>	Emprega tres funcións diferentes, están ben implementadas e obtén información relevante e de utilidade dos datos para a categoría escollida. Emprega referencias correctas ao aplicar as funcións a todos os datos dispoñibles. (2) <input type="checkbox"/>	Emprega tres funcións diferentes pero a información obtida non é relevante ou de utilidade en todos os casos para a categoría escollida. Emprega referencias correctas ao aplicar as funcións a todos os datos dispoñibles. (1.25) <input type="checkbox"/>	Non emprega tres funcións diferentes ou algunha das funcións escollidas non está ben implementadas para obter información relevante ou de utilidade para a categoría escollida. Presenta erros ao empregar referencias nas funcións aos datos dispoñibles. (0.50) <input type="checkbox"/>	Non emprega funcións para obter información relevante ou de utilidade para a categoría escollida. (0) <input type="checkbox"/>
<b>Gráficos (Individual)</b>	Emprega gráficos de categorías diferentes perfectamente formatados (con título e títulos nos eixos; e con lenda, se procede). (2) <input type="checkbox"/>	Os gráficos empregados pertencen a dúas categorías diferentes pero están incompletos en canto ao seu formato (sen título/títulos nos eixos; sen lenda cando se require). (1.75) <input type="checkbox"/>	Os gráficos empregados non pertencen a dúas categorías diferentes e non están completos en canto ao seu formato. (0.50) <input type="checkbox"/>	Non inclúe gráficos. (0) <input type="checkbox"/>
<b>Informe final - Elaboración (Grupal)</b>	O informe final está completo e contén 4 follas de datos (3 individuais e unha grupal). A folla grupal contén rexistros cos datos e información relevante de cada categoría correctamente formatados (celas con bordos, datos numéricos con dous decimais, título nas columnas con novos datos e cores diferentes de fondo). A folla grupal tamén contén un gráfico con información da proba ben formatado (con título e títulos nos eixos; e con lenda, se procede). (2) <input type="checkbox"/>	O informe final está completo e contén as 4 follas de datos, pero hai erros de formato na folla grupal (nos rexistros cos datos de cada categoría ou no gráfico con información da proba). O gráfico elaborado para a proba non contén información relevante ou de utilidade. (1.25) <input type="checkbox"/>	No informe final, a folla grupal non contén rexistros de todas as categorías ou falta o gráfico coa información da proba. (0.50) <input type="checkbox"/>	O informe final non contén as follas requiridas. (0) <input type="checkbox"/>
<b>Informe final - Entrega (Grupal)</b>	O informe final está completo, entréganse os dous arquivos solicitados (PDF e ODS) e co nome correcto (Resultados_Nomedaproba). O ficheiro PDF está ben organizado e maquetado de forma que toda a información se visualiza correctamente en varias páxinas, facilitando a súa impresión e exposición. (2) <input type="checkbox"/>	Faise entrega do informe final, co nome requirido, en formato .ods e .pdf, pero este último non está correctamente organizado e maquetado. (1.25) <input type="checkbox"/>	Faise entrega do informe final pero está incompleto ao entregarse só ficheiro en PDF ou só o ODS. (0.50) <input type="checkbox"/>	Non entrega o informe final. (0) <input type="checkbox"/>



“Rúbrica de avaliación do reto: *CÁLCulo olímpico*”, do proxecto *cREAgal*, publícase baixo [Licenza Creative Commons Atribución Non comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)